



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>RBA</b> (reserva de bosques autóctonos ou silvicultura de preservación de bosques autóctonos).
ESPECIE:	Bosques naturais de Teixo ( <i>Taxus baccata</i> L.) e frondosas autóctonas recollidas no anexo I da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. Hábitats con vexetación non arbórea que se decidan preservar de actuacións de xestión. Tamén nas masas consolidadas de frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Conservación de formacións autóctonas mediante non intervención e adecuada protección en forma de microrreservas.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. Conservación das formacións mediante a súa adecuada protección, en particular en bosques pouco intervídos e maduros.	

<b>XESTIÓN</b>	
Estacións apropiadas	As ocupadas por formacións que, pola súa singularidade ou valor ecolóxico e evolutivo, deben preservarse de forma estrita, ou ben aqueles casos nos que, por problemas de accesibilidade ou orográficos, non poidan realizarse intervencións a custos razoables. Modelo de aplicación para todas aquelas masas forestais que presenten rodais ou masas destas especies autóctonas, independentemente da especie ou especies principais e do seu obxectivo de produción.
Densidades	As existentes nas formacións a conservar.
Seguimento	Seguimento recomendable da evolución dos devanditos bosques, en particular da súa estrutura, composición, biodiversidade, acumulación de C, estado sanitario, combustibilidade, así como da superficie ocupada por cada hábitat de interese comunitario ou hábitats naturais prioritarios.
Restauración naturalidade	Posibles accións puntuais de restauración de microhábitats e retirada de especies exóticas e/ou invasoras.
Perturbacións	Serán admisibles as perturbacións naturais que poidan producirse, derivadas de caída de árbores, raios ou mortalidade natural do arboredo. Actuarase para evitar perturbacións importantes de orixe antrópica e que poñan en perigo a conservación dos hábitats presentes, en particular pragas e enfermidades e incendios forestais.
Prevenición de incendios	Avaliarase o risco de incendios e estableceranse as medidas preventivas oportunas, que poderán incluír rozas perimetrais ou intervencións de redución ou compactado da carga de combustibles finos.
Conservación de hábitats	Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade. Dentro de Rede natura 2000, estarase ao indicado no Plan Director da mesma.

